

## **“LA LOCA AVENTURA DEL AHORRO” Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.**

Convocatoria do programa “La loca aventura del ahorro”, enmarcado dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Galicia Obra Social para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor, no marco do Plan Eduemprende.

### **OBXECTIVOS**

Esta convocatoria ten por obxecto que o alumnado aprenda, dun xeito activo e en primeira persoa, as primeiras pautas de como adaptarse a un orzamento e a importancia do aforro na vida, a través do xogo e explorando o mundo da cultura teatral.

### **DESTINATARIOS**

Alumnado de 1º a 6º de Educación Primaria dos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### **ACTIVIDADES**



“La loca aventura del ahorro” é unha ferramenta didáctica baseada na gamificación, coa que o alumnado terá a oportunidade de prepararse financeiramente para a vida adulta. A través dun taboleiro de xogo dixital o alumnado deberá tomar decisións similares ás que toman as persoas adultas no seu día a día.

Os centros participantes terán a posibilidade de asistir en modalidade virtual á obra de teatro CÍCLOPE, unha obra de teatro de autor, dunha hora de duración. Nesta obra, enmarcada dentro da educación financeira actual, os actores e actrices representan a tres alumnos de familias de diferentes ambientes socioeconómicos que están a preparar a viaxe fin de curso e dan a coñecer, a través de situacións divertidas e singulares, diferentes formas de financiamento desa viaxe.

Tras a obra os actores e Carles García, director e autor da mesma, falarán co alumnado da importancia de ter unha educación financeira básica que permita unha maior saúde económica, mental e persoal. Este encontro terá unha duración de 40 minutos.

## **SOLICITUDES**

As solicitudes enviaranse, desde a conta de correo corporativa do centro, a [solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal](mailto:solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal) co seguinte asunto: "*Solicitud programa La loca aventura del ahorro 2021-2022*", conforme ao Anexo I.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

## **SELECCIÓN DOS CENTROS**

Non hai límite de centros participantes, todos os centros que remitan a solicitude en tempo e forma serán admitidos nesta actividade e unicamente será admitida unha única solicitude por centro.

## **TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

O programa comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2022 e rematará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2021-2022.